Para concluir —e coroar— a exploração desta coincidência toponímica, retomo uma ideia de Henrique Monteagudo sobre a actividade de um *campo de força* que «teve como base os falares do centro de Portugal (concretamente, da corte e das cidades cultivadas de Lisboa)». Parece-me indiscutível a presença

de uma força que gerou por etapas uma língua normativizada e literária, promovida pelos gramáticos e pela imprensa, a que damos hoje a designação de português clássico. Força emanada do poder político e assente na língua falada e escrita pela classe que habitava a corte, entendida não em estrito sentido áulico, mas como população urbana da cidade de Lisboa e das áreas da sua influência.

Mas essa língua de onde surgira? Como vimos, dos dialectos do centro e do sul do país, por sua vez formados a partir dos dialectos galego-portugueses que aí se transformaram e assimilaram. Para isso, tiveram de trocar algumas das suas soluções linguísticas mais distintivas por outras mais neutras e gerais. Operaram uma espécie de nivelamento por baixo, que em linguística designamos por *koinê*. E onde terá isto acontecido? Na corte? Nas cidades? Talvez não: um espaço muito propício para a criação da nova língua encontrava-se em lugares mais modestos, naqueles campos habitados intercalarmente. Por exemplo, nos campos à volta de Lisboa. Por exemplo, ao longo do paralelo de *Fontanelas* e de *Fontelas*.

Magnífico Reitor, esta foi a minha lição. Muito obrigado.



DISCURSO DE GABANZA DO  
DOUTORANDO PRONUNCIADO POLO SEU PADRIÑO  
O DOUTOR D. HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO,  
CATEDRÁTICO DE FILOLOXÍA GALEGA  
DA FACULTADE DE FILOLOXÍA







Antes de máis, déixenme encetar a miña intervención con dous agradecementos. O primeiro débollelo á Facultade de Filoloxía e ao Consello de Goberno da Universidade polo seu apoio á proposta da designación do profesor Ivo Castro como doutor *honoris causa* da nosa *alma mater*, proposta que xurdiu do Departamento de Filoloxía Galega. O segundo responde á confianza depositada en min para tecer esta *laudatio*. É unha inmensa honra, un grandísimo pracer e tamén, un desafío maiúsculo.

Ivo Castro naceu en Lisboa en 1945. A súa vida profesional decorreu na Facultade de Letras da Universidade da súa cidade natal, na cal estudou, se formou e ensinou durante corenta e catro anos, e aínda catro máis após da súa xubilación en 2013. Nesa facultade se licenciou en Filoloxía Románica e se doutorou en Lingüística Portuguesa e nela foi subindo os sucesivos chanzos do escalafón ata chegar a profesor catedrático e, posteriormente, emérito. No folleto que se repartiu neste acto ofrécese un resumo do seu currículum vitae, o que me dispensará de expoñelo aquí, permitíndonos deste xeito concentrarnos nos aspectos más significativos en relación ao acto que estamos a celebrar.

A maior parte dos traballos do noso doutorando inscríbese en dúas liñas de investigación principais, a historia da lingua portuguesa e a edición de textos, ás que cómpre engadir como liñas complementarias a política da lingua e a historiografía lingüística.

Unha boa colleita dos seus mellores traballos en cada un deses eidos está reunida na colectánea *A Estrada de Cintra. Estudos de Linguística Portuguesa*. As súas obras más difundidas, *Curso de História da Língua Portuguesa* e *Introdução à História do Português*, insírense na primeira liña, á cal pertencen tamén as súas pescudas sobre as relacións históricas entre o galego e o portugués, asunto da súa lección de hoxe, sobre o que volverei decontado.

Naquelhas dúas liñas principais e pesquisa inscríbese tamén un bo quiñón das teses de doutoramento que dirixiu. Entre outras, pódense citar —as súas autoras están arestora connosco— *Clíticos na história do português*, de Ana Maria Martins; *A Faculdade das Letras. Leitura e Escrita em Portugal no século XVII*, de Rita Marquilhas; *Para a história do português médio*, de Esperança Cardeira; e *O Cancioneiro da Ajuda: Confecção e Escrita*, de Maria Ana Ramos. Cada unha delas significou unha potente achega innovadora aos estudos de gramática diacrónica ou de filoloxía portuguesas.

No ámbito das políticas da lingua, o noso colega promoveu títulos tan significativos como *A demanda da ortografia portuguesa* ou a *Proposta de Convención Ortográfica Mirandesa*, e publicou traballos que axiña se converteron en referencia obrigada, como «O linguista e a fixación da norma» ou «Forças de Unión e Separação do espacio da língua portuguesa», onde toca puntos candentes da sempre viva *questione della lingua* en Portugal e no Brasil e onde deixá patente o seu compromiso, ao tempo deontolóxico —como lingüista— e cívico —como cidadán consciente—, tanto coa realidade e os destinos do seu idioma canto coa cultura lingüística da súa comunidade.

No tocante ao seu contributo á historiografía lingüística, cómpre subliñar a atención que prestou ás figuras fundacionais da filoloxía portuguesa, nomeadamente José Leite de Vasconcellos e Carolina Michaëlis de Vasconcellos, que lexitimamente poden considerarse tamén precursores da filoloxía galega. Ademais de publicar a correspondencia entre aqueles dous colosos, o noso colega editou o epistolario cruzado entre Leite e o lingüista

xermano Hugo Schuchardt. Estes contributos derivan directamente da súa familiaridade co legado do primeiro. Unha das súas publicacións más recentes, enmarcada no proxecto de edición do espolio deste grande filólogo e etnógrafo, titúlase precisamente *O Legado de Leite de Vasconcellos na Universidade de Lisboa*. O manexo dos riquísimos fondos deste permitiulle tamén preparar, coa miña modesta colaboración, a correspondencia de Leite de Vasconcellos co arquiveiro e medievalista galego Andrés Martínez Salazar, que, agardamos, virá a lume antes de fin de ano.

A edición de textos portugueses de todas as épocas constitúiu a súa dedicación máis constante. A este ámbito corresponden unha boa parte da trintena de libros e dos arredor de cento trinta traballos que leva publicado. No ámbito dos textos medievais salientan os seus estudos da materia de Bretaña, isto é, as obras de ciclo artúrico, asunto da súa tese de doutoramento, que versou do *Livro de José de Arimatea*. Polo que a nós atinxe, nesta área se integran as súas aproximacións ao texto galego do *Livro de Tristan*.

Porén, como editor, o foco dos seus intereses concentrouse nas letras contemporáneas, nomeadamente na producción de Camilo Castelo Branco e Fernando Pessoa. Así, dirixe o proxecto de «Edición Crítica e Genética» do autor das *Novelas do Minho*, ao que el propio contribuíu coa edición de varios dos seus títulos más célebres. Endebén, non semella excesivamente arriscado afirmar que a súa achega máis salientable neste eido é a dirección da edición crítico-xenética da obra de Fernando Pessoa, á que dedicou catro décadas, e na que contou coa colaboración dilixente do profesor João Dionísio, outro sobranceiro editor do noso poeta, que tamén nos acompaña hoxe. Non temos arrestora vagar para ponderar o valor e a complexidade deste *magnum opus*, pero si é oportuno ofrecer algún apuntamento.

Antes de máis, cómpre subliñar a singularidade do legado pessoano, que radica en que este autor publicou en vida unha parte ínfima dos seus escritos mais deixou en herdo un patrimonio

literario formidable, composto de case trinta mil pezas en distintos estadios de elaboración —notas de diverso carácter, poemas e textos soltos, ciclos esbozados e obras completas— que, conforme foron vindo a lume, axigantaron máis e más a súa sona, ata convertéreno nunha das voces poéticas más universalmente recoñecidas do noso tempo.

O traballo de edición do desafiante espolio de Pessoa plásase nos máis de vinte volumes publicados da súa colección principal, alén de coleccións subsidiarias de ensaios e documentos, e constitúe por si mesmo un monumento da investigación filolóxica contemporánea. A dedicación do noso colega a este escritor comezara coa edición, primeiro crítica e posteriormente xenética, do poemario *O guardador de rebanhos*, a obra chave dun dos seus heterónimos más coñecidos, Alberto Caeiro. A pertinencia da novedosa abordaxe que o noso colega propugnaba quedou demostrada cando a súa pesquisa permitiu refutar o relato do poeta sobre a xénese daquel poemario.

Segundo o seu propio testemuño, Pessoa escribira a case totalidade deste libro un «día triunfal», nun arrebato de éxtase, durante o cal, posuído por Alberto Caeiro, saíran a feito da súa pluma, nunha «chuva epifánica», trinta e tantos poemas seguidos nun texto «limpo e safo». Esta fabulación confundiu varias xeracións de críticos, pois conviña tanto ao esoterismo de Pessoa —taumaturgo, mediúmnico e nigromante— canto ao epicureísmo de Caeiro, quen nos seus versos deita afirmacións como «o que escrevo é natural como o levantar-se o vento» ou «vou escrevendo os meus versos sem querer / ... / como se escrever fosse uma cousa que me acontecesse».

En aberta contradición con este relato, Ivo Castro trouxo á luz o avultado valume de esbozos e rascuños de moitos dos poemas d'*O Guardador* e conseguiu identificar nada menos que sete camadas de correccións no manuscrito principal da obra, demostrando que o poeta sabía moi ben do que falaba cando escribiu o seu verso talvez máis célebre: «O poeta é um fingidor».

E mostrou ao mesmo tempo que, sendo a literatura un engano construído coas palabras certas, o poeta ten licenza para enfeitar, mais a tarefa da filoloxía é a procura da verdade do texto, mesmo a custa do desencanto.

Mais tornemos aos seus estudos sobre a historia da lingua portuguesa, pois neles Ivo Castro colocou o galego no lugar debido. Tal cousa, que a primeira vista parecería sinxela, exixiu —usando palabras de Caeiro/Pessoa— «um estudo profundo / uma aprendizagem de desaprender». E que era o que cumpría *desaprender*? O que cumpría *desaprender* era unha hipótese arraigada nos medios académicos do país veciño, segundo a cal o idioma portugués provén dun fantasmagórico romance mozarábico falado no centro do país. O noso colega afincou rotundamente a tese da orixe setentrional do portugués, situando as súas raíces na Gallaecia Magna —as terras ao norte do Vouga ata o Cantábrico—, confirmando así a súa comunidade de estirpe co galego. Alén disto, abordou en varios traballos as noticias sobre o noso idioma e mais os debates sobre o seu estatuto lingüístico en estudos como *Galegos e mouros: a língua galega vista pelos filólogos portugueses*.

Para alén do devandito, Ivo Castro foi un amigo de Galicia, un visitante sempre gozoso da nosa terra e das aulas da nosa Universidade e un perseverante e eficaz facilitador dos contactos académicos galego-portugueses, decote disposto a abrir portas a calquera iniciativa galega solvente de tipo académico, institucional ou cultural. Un verdadeiro practicante, en fin, da fraternidade galego-portuguesa, na que se desempeñou cun discreto bo facer, vestindo de xestos agarimosos os seus feitos eficaces.

Estes xestos e estos feitos contribuíron decisivamente á normalización dunhas relacións científicas que experimentaron un forte impulso co convenio entre o Instituto da Lingua Galega e o Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa, e que rapidamente se tornaron fluídas, intensas e fondamente cordiais, ata frutificaren en colaboracións continuadas no tempo e diversificadas

nunha pluralidade de campos. En boa parte grazas a el, hoxe nos medios filolóxicos portugueses o galego non é un dialecto un tanto estraño, deturpado e enigmático, envurullado en néboas de descoñecemento, senón un idioma próximo e interesante, que esperta curiosidade e que convén coñecer mesmo para esclarecer cuestiós importantes da historia e a gramática do portugués.

Por parte, os seus xestos e feitos levan a pegada inconfundible do intelectual sagaz e da persoa ao tempo cálida e elegante que é. Esa rara combinación de sabedoría científica e xentileza humana fai del un auténtico mestre. Con el e coa saudosa Isabel Leiria, en conversas escintilantes, viaxatas divertidas e gorentosas *refeições* aprendemos inmenso de Portugal, da súa vida e da súa cultura. Tanto como aprendemos das súas leccións de crítica textual, do seu chamado á preservación do patrimonio literario nas institucións públicas e á súa disponibilización nas condicións debidas para o seu estudo e divulgación en edicións rigorosas e dignas. Do seu compromiso coa difusión dos valores da ciencia e do seu empeño na ilustración da cultura lingüística das nosas sociedades, en tantos aspectos contaminada de prexuízos e de mitos falsificadores. Da súa reivindicación da filoloxía como demanda da verdade, que nos relembra que a principal tarefa da nosa disciplina é o rescate do texto auténtico; tarefa científica, mais tamén ética e política, especialmente urxente nos tempos en que a mentira, a falacia e a falsidade —a chamada *posverdade*— ofuscan as mentes e empezoñan a convivencia. Por algo advertiu o poeta: «Quem não vê bem uma palavra / não vê bem uma alma».

Non me resisto a dar cabo a esta *laudatio* sen citar unha sentenza do noso colega: «A historia da língua portuguesa pode ser resumida numa frase: falamos uma língua que nasceu fora do nosso territorio (de nós, portugueses) e cujo futuro será em larga medida decidido fora das nossas mäos. A língua portuguesa, numa visão temporal ampla, acha-se de passagem por Portugal». *De passagem por Portugal...* Quen lle diría a Johan Ayras, a

Martín Codax ou a don Denis, a María Balteyra ou a dona Einés de Castro, que aquela súa lingua nacida a ambas as marxes do Miño, entre Lugo e Braga, entón gromo indeciso, non só florecería vizosa nas terras do sur, antes de mouros, senón que, levada por naves portuguesas singrando todos os mares, inzaría en varios continentes e sería falada, feita súa, por xentes das máis diversas razas e culturas!

Nun dos seus traballos recentes, Ivo Castro traduce a afirmación do historiógrafo da lingüística Peter Swiggers, segundo a cal «a ciéncia mais não é que uma cadeia que interliga personalidades de científicas». Magnífico señor reitor, prezados e prezadas colegas do claustro da Universidade de Santiago de Compostela, ao conferírmoslle ao profesor Ivo Castro o doutorado *honoris causa* da nosa Universidade, engadimos un elo máis a esa longa cadea, unha cadea que non nos prende, non nos ata, senón que nos *interliga* cunha lingua, unha cultura e unhas xentes irmás, e ao mesmo tempo, coa república universal e libre dos saberes plurais, saberes aos que, como universitarios e universitarias, estamos obrigados. E é polas devanditas razóns que solicito que se outorgue ao profesor Ivo Castro o nomeamento como doutor *honoris causa* pola Universidade de Santiago de Compostela.

Para pórle o ramo á miña gabanza, permítanme recitar os versos finais d'*O guardador de rebanhos*, traendo aquí o eco da voz inspirada dun poeta a quen o noso colega dedicou moitos dos seus desvelos, e que eu lerei agalegadamente:

Meto-me para dentro e fecho a janela.  
Trazem o candieiro e dão as boas-noites.  
E a minha voz contente dá as boas-noites.  
Oxalá a minha vida seja sempre isto:  
O dia cheio de sol, ou suave de chuva,  
Ou tempestuoso como se acabasse o mundo,  
A tarde suave e os ranchos que passam  
Fitados com interesse da janela,  
O último olhar amigo dado ao sosiego das árvores,

E depois, fechada a janela, o candieiro aceso,  
Sem ler nada, nem pensar em nada, nem dormir,  
Sentir a vida correr por mim como um rio por seu leito,  
E lá fora um grande silêncio como um deus que dorme.

**DISCURSO DE BENVIDA  
AOS NOVOS DOUTORES HONORIS CAUSA PRONUNCIADO  
POLO EXCMO. SR. REITOR MAGNÍFICO  
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
PROF. DR. ANTONIO LÓPEZ DÍAZ**







Hoxe é un día grande para a Universidade, e vestímonos de gala, como require a ocasión, para incorporar ao noso claustro de doutores, neste solemne acto, a profesora Mary Beard e o profesor Ivo Castro, como unha honra, en prenda de amizade e polos méritos acreditados, como puxeron de manifesto os respectivos padriños.

Volvemos unha vez máis a este paraninfo da Universidade, inaugurado, aínda que daquela nunha ubicación diferente deste mesmo edificio, con ocasión da visita real de Isabel II a esta institución, en setembro de 1858, tamén ano santo en Compostela.

É unha escolla chea de sentido, porque esta investidura solemne se enmarca nas conmemoracións do centenario da creación na nosa Universidade, o 20 de xuño de 1922, dunha sección de Historia, xuntamente cunha de Química, engadindo así as facultades de Filosofía e Letras, e de Ciencias, ás preexistentes de Dereito, Medicina e Farmacia, conformando unha estrutura que se mantería ata 1975.

Esa creación supuxo o establecemento dunha facultade maior de Filosofía e Letras, isto é, da oferta do currículo universitario completo na nosa Universidade para obter a licenciatura en Filosofía e Letras, fronte á situación anterior onde tales estudos eran preparatorios ou complementarios das titulacións preexistentes.

Esta ampliación dos horizontes humanísticos da nosa universidade, pola súa vez, propiciou a fundación do Seminario de Estudos Galegos, que se produciu en outubro de 1923. Nos vindeiros meses teremos ocasión de celebrar como merece esta efeméride, tan importante para a nosa universidade como para Galicia en xeral. Mais non podemos deixar pasar a ocasión que nos brinda este acto para evocar a extraordinaria significación do Seminario de Estudos Galegos como fermento da renovación da nosa universidade e, ao mesmo tempo, como fito na constitución duns saberes galegos.

O Seminario de Estudos Galegos ofreceu un ámbito novo no que frutificou o diálogo académico entre o profesorado e o estudiantado, ata daquela impensable. Alén disto, fomentou activamente o estudo das realidades galegas, achegando a universidade á sociedade e aplicando o coñecemento científico á análise dos problemas, necesidades e potencialidades do noso país. Fíxoo, ademais, dun xeito interdisciplinar, unha maneira de traballar praticamente inédita ata a súa creación, combinando creativamente a cultura coa ciencia, abrangendo as inquedanzas artísticas e as técnicas de laboratorio, abrindo as portas da universidade ás inquedanzas, iniciativas e contribucións que chegaban da contorna e non descoidando as actividades de divulgación e extensión universitaria. E por fin, no Seminario produciuse o acontecemento luminoso do encontro da nosa lingua coa Universidade, de onde o galego vivira desterrado por séculos.

De certo, o Seminario de Estudos Galegos constituíu un fito extraordinario na historia da nosa universidade, tristemente tronzado —coma tantas outras empresas daquel tempo de entusiasmo que abrollou na Segunda República— pola barbarie que asolou o noso país, decapitou a nosa cultura e mutilou a nosa *alma mater*. A pesar de todo, o exemplo do Seminario de Estudos Galegos constituíu unha constante fonte de inspiración na procura dunha universidade galega ambiciosa e constantemente actualizada no plano científico, aberta á creatividade e á cultura, en constante diálogo coa sociedade e ao servizo do país que a alimenta.

As actuais facultades de Xeografía e Historia e de Filoloxía que, aínda segregadas en 1975, teñen esa raíz común son hoxe as impulsoras, xuntamente cos respectivos departamentos de Historia e de Filoloxía Galega das investiduras que hoxe oficializamos. Gratituden inmensa por esa iniciativa que, ao tempo que fai xustiza aos indubidables méritos da profesora Mary Beard e do profesor Ivo Castro, enriquece o noso claustro de doutores e doutoras e engrandece a nosa Universidade.

Agradecemento moi especial aos profesores López Barja de Quiroga e Monteagudo Romero, por apadriñaren esta iniciativa e por teceren hoxe os discursos de gabanza dos novos doutores, discurso fácil polos excepcionais méritos, pero coa dificultade de sintetizalo para adaptalo á duración razoable deste acto. Parabéns e grazas por unha mostra máis de compromiso universitario.

\* \* \*

Unha célebre sentenza do gran poeta portugués Fernando Pessoa reza: «Tudo vale a pena / Se a alma não é pequena». Temos hoxe a fortuna de ilustrar esta sentenza ao acollermos e honrarmos no noso claustro un dos máis ilustres editores da súa obra, o profesor Ivo Castro, que é tamén unha figura de referencia no ámbito das humanidades no ancho mundo de expresión portuguesa, e talvez o maior expoñente actual da filoloxía portuguesa. Ademais —e isto ten un significado especial no acto de hoxe—, o noso colega foi un auténtico amigo de Galicia, que teceu lazos de colaboración da academia portuguesa coa lingüística e a filoloxía galegas e se esforzou por dar a coñecer a lingua e a cultura galegas dentro e fóra do ámbito universitario lusitano. Por iniciativa súa, a Universidade de Lisboa acolleu unha activa Cátedra de Estudos Galegos, pero, ademais, facilitou os acordos entre institucións como o Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa e o Instituto da Lingua Galega da USC, que abriron o camiño a unha proficia relación de intercambio científico, colaboración académica e de convivio humano entre universitarios do norte e do sur do Miño.

Felizmente, na actualidade existe unha relación fluída, totalmente normalizada, entre as filoloxías galeguista e lusitanista, ao menos no que atinxe a Galicia e Portugal. Nesa normalización, as fraternas relacóns entre a Facultade de Letras e o Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa e a Facultade de Filoloxía e o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago xogaron e continúan a xogar un papel protagonista. E hoxe é se cadra o día máis oportuno para declarar que en non pequena medida debemos isto á mediación tan discreta como eficaz do profesor Ivo Castro. O gran Fernando Pessoa deixou tamén dito: «De sonhar ninguém se cansa». Nós non cansamos nin cansaremos de soñar nun futuro da máis estreita irmandade na ciencia, na cultura e no idioma de Galicia e Portugal. Ao acollermos no noso claustro ao doutor Ivo Castro, renovamos os nosos votos para facer da nosa parte todo o posible para converter ese soño en realidade.

\* \* \*

Tampouco cansaremos de soñar nun mundo que garanta a igualdade de dereitos e de oportunidades para homes e mulleres, pero non nos conformamos só con iso senón que, como ten dito a nosa nova doutora, «hai que cambiar as nosas mentalidades para interiorizar e comprometernos con esa igualdade efectiva ata sentírmola como algo normal e natural. E, por outra banda, hai que cambiar as estruturas de poder que seguen a estar masculinizadas».

A profesora Mary Beard, que hoxe investimos doutora *honoris causa*, en recoñecemento dos seus méritos, cunha muceta azul, a mesma cor das medias do movemento Bluestocking, e que ela mesma ten levado nas entrevistas de traballo, é unha especialista na literatura e historia do mundo antigo en Cambridge, recoñecida a nivel internacional. Dame Commander of the Order of the British Empire (OBE, 2018) ou premio Princesa de Asturias de Ciencias Sociais (2016), por citar só algúns destes recoñecementos.

Pero ao lado do coñecemento da súa especialidade, eu resaltaría a súa capacidade para comunicar e trasladar o seu coñecemento usando todas as ferramentas que nos abren os medios tradicionais como a TV, pero particularmente as novas redes sociais, sen fuxir do debate e polemizando coa *auctoritas* que lle dá o seu coñecemento. É esta capacidade algo do que se nos demanda con más intensidade ás universidades para que o coñecemento e a cultura transcedan os nosos muros e enriquezan a toda a sociedade.

E finalmente, *last but not least*, é unha feminista convencida e loitadora non só pola introdución de medidas a prol da igualdade, senón, indo máis aló, polo cambio das estruturas de poder que seguen a estar masculinizadas. Iso supón pasar do poder como un obxecto que moi poucos poden posuír, na súa maioría homes, a considerar o poder como un atributo, ou como un verbo (*empoderar*), e non como unha propiedade, tal e como se defende en *Women and Power* (2017).

Nesta mesma liña, uns anos antes escribiu *The Invention of Jane Harrison*, unha das primeiras mulleres en acceder a un posto de profesora na Universidade británica.

Se aplicamos a mesma mirada para a nosa Universidade, tamén neste 2023 estamos de centenario. En 1923, Luisa Cuesta Gutiérrez remataba os estudos de Dereito na nosa Universidade, onde cursou quince materias dende 1921 a 1923, acadando en once delas a cualificación de sobresaliente. Foi a primeira muller en facer estudos de Dereito, neste mesmo edificio no que nos atopamos, a onde chegara tendo o su primeiro destino na Biblioteca da nosa Universidade, logo de acceder por oposición ao corpo de Bibliotecarios, Arquiveiros e Arqueólogos. Rematados os estudos exerceu como profesora auxiliar, a primeira da nosa Universidade, dende 1924 ata 1930, en que se traslada a Madrid para dirixir a Biblioteca Nacional. Durante ese anos colabora activamente co Seminario de Estudios Galegos, ao que xa nos referimos e co que comparte centenario, estudiando e publicando traballos

sobre a historia da emigración a América, que foi o obxecto da súa tese de doutoramento.

Con anterioridade, entre 1918 e 1921 fora profesora na Sección de Historia da Facultade de Filosofía e Letras de Valladolid, onde rematara en 1918 os seus estudos universitarios. Luisa Cuesta foi quen de abrir as primeiras fendas por onde trapasar, ela e as que viñeron detrás, os muros pétreos dunha Universidade ata daquela monopolizada polos homes.

Por un feliz acaso, Luisa Cuesta era tíña dountra ilustre integrante do cadro docente da nosa Universidade, a profesora Pilar Vázquez Cuesta, primeira ocupante da cátedra de Lingua e Literatura Portuguesa, que destacou, como o profesor Ivo Castro, no empeño en tecer vínculos de colaboración e de recoñecemento mutuo entre o mundo académico portugués e o galego, o que, por outra banda, a fixo merecente de ser investida como doutora *honoris causa* pola Universidade de Lisboa.

Pasaron cen anos das efemérides que hoxe lembramos, e temos que seguir loitando porque, como nos di Mary Beard, «sen lugar a dúbdidas, a creación de garderías nos lugares de traballo, os horarios compatibles coa familia, os programas de orientación e toda clase de recursos prácticos son elementos integradores, pero non son máis que unha parte do que hai que facer. Se queremos dar ás mulleres como xénero —e non só como individuos concretos— un posto dentro das estruturas de poder, temos que reflexionar sobre como e por qué pensamos do modo que pensamos. Se hai un patrón cultural que funciona precisamente para despoxar de poder ás mulleres, cal é exactamente e de onde o quitamos?».

Só así estaremos en condicións de cambiar esas estruturas de poder.

Dixen.

Recole este volume  
os discursos pronunciados  
no acto de investidura  
de D.<sup>a</sup> Mary Beard e D. Ivo Castro  
como doutores *honoris causa*  
pola Universidade de Santiago de Compostela.



Saífu do prelo na primavera de 2023

